

Criterios avaliación e recuperación 1º Bach. Historia do Mundo Contemporáneo

60%: Dúas probas escritas.

40%: Valoración do traballo diario do alumnado, especialmente reflectido na realización dos comentarios de texto propostos, os traballos e exposicións a realizar, así como a participación en clase, nos debates e nas preguntas que faga o profesor.

O alumnado que non supere a cualificación de 4,5 nunha avaliación, tras resolverse a suma das medias aritméticas de todos os criterios de cualificación arriba sinalados, terá que realizar un proba escrita no mes de xuño (ou antes se así se decidise) que será cualificada como o 100% da nota final dese trimestre.

No caso de suspender dita recuperación, empregárase a nota do exame de recuperación para facer media coas restantes avaliacións. Se a cualificación media global non supera o 4,5, o alumnado deberá realizar a proba escrita final da materia que será cualificada como o 100% da nota final da materia.

No seu defecto, aquel alumnado que suspenda ao longo do curso máis dunha avaliación terá que recuperar, no mes de xuño, as tres avaliacións ordinarias nunha proba escrita que será cualificada como o 100% da nota final da materia.

No caso do redondeo das cualificacións, este será á alza cando o decimal supere a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5.

A avaliación considerárase aprobada cando se obteña unha cualificación de 4,5 ou máis, agás no caso de realizar a proba escrita final da materia, xa que o alumnado deberá obter un 5 ou máis para superala.

Concretamos que a construción da nota da avaliación a recuperar establécese cos instrumentos da recuperación e todo o proceso será guiado polo docente e este estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva.